

Cando un fenómeno político, social ou cultural excede a condición de anécdota nunha sociedade ou nun país e pasa a ter unha dimensión replicada, daquela tal categorización merece ser analizada. E se ese fenómeno se dá simultaneamente a outro que condi-

Paisaxe dos Países Baixos durante a denominada Pequena Idade do Xeo. Na imaxe pequena, o estudoso alemán Philipp Blom.



ciona, entón o problema xa resulta serio.

Isto é o que vén facer o profesor e xornalista alemán Philipp Blom en *El motín de la naturaleza* (Anagrama). Neste ensaio, Blom compara as consecuencias económicas e filosóficas que tivo a chamada *Pequena Idade do Xeo* (1570-1700) cos cambios sociais que se avencian coa actual situación de emerxencia climática. Pero se o primeiro período tivo unhas causas esóxenas aínda non ben coñecidas (a hipótese máis sólida apunta a unha grave alteración da actividade solar), hoxe sabemos con toda certeza que as causas do quecemento global veñen do uso abusivo de combustibles fósiles e da explotación sen control dos recursos naturais.

Canto a esa pequena época fría que dominou a Idade Moderna, en tanto que foi padecida non só no continente europeo senón tamén en Asia, tivo uns efectos devastadores para a agricultura. Os diferentes acomodos que houbo á nova situación determinaron, en opinión de Blom, a emerxencia de novas sociedades que empezaron a marcar o ritmo da Historia. Así, a destrución de Anvers polas tropas de Carlos V, permitiulle a Ámsterdam coller o relevo como principal elo



Clima e modernidade

Philipp Blom, meteoroloxía, ideas

JOAQUIM VENTURA

entre os portos bálticos e o sur de Europa. Especialmente no comercio de trigo procedente de Rusia para suplir a falta de colleitas en Francia, España e Italia, sobre todo. Ese aumento do comercio xerou a emerxencia dunhas novas burguesías que se situaron nunha posición privilexiada para as relacións que se abrían entre Europa e os territorios de América e

Asia, especialmente por ter acceso a un mar aberto (o Atlántico), cousa que non sucedía cos imperios ruso e otomano.

Pero cando fracasaron as respostas que a relixión e a superstición querían dar a aquel cambio climático, a filosofía e mais a ciencia colleiron o relevo e comezaron a preguntarse sobre o pael dos homes fronte a Deus. Pensadores como Montaigne, Descartes, Spinoza, Hobbes ou Locke sentaron as bases do que despois foi a Ilustración e a defensa dos valores liberais. A hexemonía que en paralelo gañaban aquelas burguesías mercantís emerxentes axudaba a que estas adoptasen eses novos valores fronte á aristocracia e ás monarquías absolutistas. Blom non deixa de sinalar das limitacións éticas de moitos ilustrados que, como Voltaire, mentres predicaban a igualdade social comerciaban con produtos obtidos a bo prezo grazas á escravitude. Queda claro que tal aspiración de liberdades quedaba limitada a eses homes que constituían as novas burguesías mentres que o máis da poboación quedaba afastada.

Moses Cohen Henriques

Apunta Philipp Blom que a principal base da economía de Ámsterdam foi a constitución da Compañía Neerlandesa das Indias Orientais con base nas accións que moitos cidadáns podían adquirir. Algúns comerciantes non aceptaron tal monopolio e constituíron a réplica para América.

En Recife, durante a ocupación holandesa, había unha considerable colonia de xudeus fuxidos de Portugal, moitos deles previo paso por Ámsterdam. Cando os portugueses gañaron Recife aos holandeses, moitos deses xudeus marcharon a Nova Ámsterdam, a posterior Nova York.

As mercantís holandesas tiñan forzas mercenarias de seu. E ao servizo da Compañía Neerlandesa das Indias Occidentais actuou un xudeu de orixes portuguesas, Moses Cohen Henriques, quen comandaba unha flota dedicada á piratería, especialmente contra barcos españois. Xunto a Piet Hein, almirante da Compañía, en 1628 capturaron en Matanzas un botín en ouro e prata duns doce millóns de floríns (hoxe serían mil millóns de euros) sen sangue e sen prisioneiros. Anos despois asesorou ao coñecido corsario galés Henry Morgan e con el assolou Panamá e Camagüey. Morreu en Xamaica, sen que se coñezan máis datos. Tal vez sexa a súa alghna das sepulturas de piratas xudeus (caveira e dúas tibias con letras hebreas) que se conservan naquela illa.

Comparada aquela situación co noso tempo, o profesor alemán evidencia que a democracia resulta prescindible no marco histórico e que a crenza de que o home é ceibe de maneira natural non deixa de ser unha boa intención. Abonda con lembrar que esas sociedades que se reclamaban democráticas non exerceron esas liberdades nos territorios que colonizaron nin fixeron nada neste senso cando deixaron de seren metrópoles mentres tivesen accesos aos seus recursos naturais.

De xeito semellante, cando a lóxica dos mercados verbo destes recursos chega a pensar que son ilimitados e que tal aproveitamento non ten consecuencias, prodúcese unha concentración monopolista e global que aspira a obter beneficios non só da explotación senón da propia sociedade. E é así como aparecen os líderes que cuestionan o sistema de liberdade e igualdade social a prol dun neodarwinismo que proclama que fronte aos outros, nós (é dicir, cada sociedade en particular) somos os mellores e que para iso non cômpre o exercicio das liberdades. Líderes que, como Trump ou Bolsonaro, negan a emerxencia climática e frean a oportunidade dunha nova economía que respecte os intereses da maioría e do propio planeta.